



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 13/03/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José Romero Ledo.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as trece horas e cinco minutos do día trece de febreiro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de marzo do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 17, REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta pola Sra. Muiño da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal de que se trata, necesaria para a súa adaptación á Orde do 22 de xaneiro de 2009, da Vicepresidencia da igualdade e o benestar, pola que se regula o servizo de que se trata, publicada no DOGa nº 22,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

do 2 de febreiro último. A modificación proposta é urxente ademáis de necesaria, xa que permitiría reducir o prezo do servizo para os seus usuarios, especialmente para os dependentes, que reciben a prestación durante moitas horas ó mes, xa que se varían tanto o sistema de cálculo das rendas de cada unidade familiar como os importes a aportar polos usuarios en función dos seus niveis de renda.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo. Polo Secretario do Concello infórmase que a aprobación ou modificación de ordenanzas fiscais require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Sr. Bedoya mantén a postura do seu grupo, que se absterá na votación, sinalando que cando un goberno local non ten votos suficientes para aprobar unha proposta, o normal é falar coa oposición para tratar de acadar algun acordo ó respecto, cousa que non se fixo nesta ocasión, polo que o seu grupo mantivo e manterá a súa decisión inicial de absterse.

O Sr. Márquez toma a palabra de seguido para dicir que este pleno era innecesario, que parece obvia a necesidade desta reforma cando se trata de reducir o custo do servizo para os que teñen rendas máis baixas, polo que está de acordo coa proposta.

O Sr. Alcalde di que aínda que sabía que o Sr. Márquez tiña que faltar por causa xustificada ó pleno anterior, a modificación desta ordenanza é un tema sen transcendencia política, polo que non se entende a actitude partidista do PP, que soamente vai supor o custo engadido de ter que celebrar outro pleno.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro abstencións, dos concelleiros presentes do PP, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda prestarlle a súa aprobación á nova redacción da Ordenanza Fiscal nº 17, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa posta en vigor coa brevidade posible, e coa especificación de que, no caso de que non se presentasen reclamacións durante a exposición pública, entenderíase definitivamente adoptado o presente acordo, encumprimento do establecido no artigo 17-4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e dezaséis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474